



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G003/002003

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Plan anual normativo 2020 - Modificación puntual e transitoria da ordenanza fiscal número 23)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterà as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevean aprobar para o ano seguinte. Unha vez aprobado o Plan deberase publicar no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Por resolución de alcaldía núm 983/2020 do 7 de maio aprobouse o plan anual normativo no que se establecía que:

“Por cuestións da crise sanitaria covid-19 que se está a padecer e en función das medidas adoptadas polas administracións con competencias legislativas procederase á modificación ou adopción de medidas, ben extraordinaria e temporalmente ou ben definitivamente, das ordenanzas e regulamentos que se vexan afectados para a súa adecuación á normativa que se vaia aprobando e procurar a súa adaptación ás circunstancias reais”.

Resulta necesario proceder á modificación puntual e transitoria da ordenanza fiscal número 23 Reguladora da taxa por ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, pretendendo a modificación da disposición final da ordenanza recollendo que a mesma queda suspendida no período de 1.01.21 a 31.12.21.

En función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a modificación puntual do plan anual normativo 2020 do Concello de Sada, aprobado por resolución de alcaldía número 983/2020 do 7 de maio e introducir como ordenanza a modificar a ordenanza fiscal número 23 Reguladora da taxa por ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.

Segundo.- Publicar a presente modificación xunto co Plan anual normativo 2020 do Concello de Sada no Portal de Transparencia do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.